

**8352** *REAL DECRETO 509/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. («BOE» 96, do 21-4-2007.)*

A Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro, relativa á prevención e ao control integrado da contaminación. Esta nova regulación introduciu cambios transcendentais nos mecanismos de control ambiental previo á posta en marcha das actividades cuxo potencial de contaminación sexa elevado. Isto artellouse fundamentalmente a través da creación dunha nova figura de intervención ambiental, a autorización ambiental integrada, na cal se determinan todos os condicionantes ambientais que deberá cumprir a actividade de que se trate, incluída a fixación dos valores límite de emisión dos contaminantes ao aire, á auga e ao solo dos condicionantes ambientais referidos aos residuos.

Este real decreto ten dúas finalidades. En primeiro lugar, aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de acordo coa facultade outorgada ao Goberno pola disposición derradeira sétima da lei. Así mesmo, como consecuencia da habilitación do artigo 7.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, modifica o Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, e establece novos valores de emisión globais para determinados sectores de actividade, que se basean nos valores de emisión asociados á utilización de mellores técnicas dispoñibles, reflectidos nos respectivos documentos europeos BREF. En segundo lugar, modifica o Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, para lograr unha mellor adaptación á Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, relativa aos vehículos ao final da súa vida útil.

O Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, permítelles ás administracións públicas adaptar os procedementos administrativos que viñan aplicando para autorizar as actividades comprendidas no seu ámbito de aplicación. Para iso establécense medidas de carácter técnico que facilitan tanto a tramitación dos expedientes administrativos de autorización de novas instalacións como de adaptación das xa existentes.

Polo que respecta ás novas instalacións, o regulamento establece disposicións comúns, entre as cales destaca a posibilidade de que as comunidades autónomas lles establezan medidas para axilizar e simplificar os mecanismos de comprobación do cumprimento das obrigas derivadas da autorización ambiental integrada ás instalacións que apliquen sistemas de xestión ambiental, como os derivados do sistema regulado no Regulamento (CE) n.º 761/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

Así mesmo, neste regulamento establécense medidas de carácter procedemental referidas ás actuacións que lle corresponde desenvolver á Administración xeral do Estado, como as relacionadas coas verteduras ás augas continentais de bacías xestionadas por esta, sempre tendo en conta o principio de unidade de bacía hidrográfica mencionado no artigo 14 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, ou as correspondentes ao procedemento de avaliación de impacto ambiental das instalacións sometidas

a autorizacións substantivas de competencia estatal de acordo co Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, ademais da autorización ambiental integrada.

A disposición transitoria única describe o procedemento que se debe seguir en caso de adaptación das instalacións existentes.

A disposición adicional primeira desenvolve o artigo 7.3 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e crea un procedemento simplificado de autorización ambiental integrada que debe incluír, cando menos, os datos contidos no anexo II. A disposición adicional segunda adapta á normativa sobre prevención e control integrados da contaminación as instalacións incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo.

Por último cabe destacar que no anexo I se efectúa unha enumeración das diferentes instalacións e actividades que, cun carácter enunciativo e non limitativo, se consideran incluídas dentro das diferentes categorías do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e, polo tanto, no ámbito de aplicación da citada norma. Esta enumeración levouse a cabo tendo en conta, entre outros criterios, os documentos de referencia das mellores técnicas dispoñibles (BREF) elaborados para os diferentes grupos de actividades industriais polo European IPPC Bureau (EIPPCB), así como as correspondentes guías de mellores técnicas dispoñibles españolas elaboradas polo Ministerio de Medio Ambiente coa colaboración das comunidades autónomas e os sectores industriais correspondentes e máis achegadas á nosa realidade industrial.

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira sétima da Lei 16/2002, do 1 de xullo, que habilita o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario, e ten carácter de norma básica na medida en que constitúe, pola natureza da materia regulada, un complemento necesario da citada lei nos seus aspectos técnicos e procedementais. Nas cuestións procedementais que se recollen con máis detalle, régúlase na medida en que afectan aspectos relacionados coa intervención da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, na elaboración deste real decreto consideráronse os principios da nova política europea sobre substancias químicas e, en particular, o Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE e se derroga o Regulamento (CEE) n.º 793/93 do Consello e o Regulamento (CE) n.º 1488/94 da Comisión, así como a Directiva 76/769/CEE do Consello e as directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión.

A información que se xerará como consecuencia da entrada en vigor deste regulamento o 1 de xuño de 2007 facilitará a adaptación ao progreso técnico dos documentos de referencia das mellores técnicas dispoñibles (BREF), os protocolos de avaliación de risco dos procesos contaminantes e o establecemento das autorizacións de emisión e vertedura.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo

de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 20 de abril de 2007,

### DISPÓN O:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.*

Os valores de emisión contidos nos puntos 5.1. Aluminio e 25. Fabricación de viscosa e outros procesos que emitan ácido sulfhídrico, do anexo IV do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, quedan substituídos polos seguintes valores de emisión globais, baseados nos valores de emisión asociados á utilización de mellores técnicas dispoñibles reflectidos nos respectivos documentos europeos BREF:

#### *Instalacións de fabricación de aluminio primario*

Contaminantes emitidos ao aire	Valor límite emisión en mg/Nm <sup>3</sup>
SO <sub>2</sub> .	Ins. queimen fuel óleo 350. Ins. queimen gas 200.
No <sub>x</sub> .	Ins. queimen fuel óleo 450. Ins. queimen gas 300.
Partículas en suspensión. F e comp. expresados como HF. Perfluorocarbono PFC.	50. 27. 11.

Contaminantes vertidos á auga	Valor límite vertido en kT Al producida
PAH (Borneff 6). HF	0,05. 1,5.

#### *Instalacións de fabricación de viscosa fibra cortada*

Contaminantes emitidos ao aire	Valor límite emisión en kT producida
S total (H <sub>2</sub> S+ CS <sub>2</sub> ).	20.

  

Contaminantes vertidos á auga	Valor límite vertido en mg/l
Zn.	1.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil.*

O Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, queda modificado como segue:

Un. Engádese unha nova alínea m) no artigo 2 coa seguinte redacción:

«m) «Substancia perigosa»: toda substancia considerada perigosa segundo o Real decreto 2216/1985, do 23

de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre declaración de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas».

Dous. A alínea e) do artigo 3 queda redactada do seguinte xeito:

«e) Informar os consumidores sobre os criterios de protección do ambiente tomados en consideración tanto na fase de deseño e fabricación do vehículo coma os adoptados para garantir un correcto tratamento ambiental ao final da súa vida útil. Entre outras cuestións, os fabricantes deberán informar sobre:

1.º O deseño dos vehículos e dos seus compoñentes con vistas á súa aptitude para a valorización e a reciclaxe.

2.º O tratamento correcto, polo que respecta ao ambiente, dos vehículos ao final da súa vida útil, en particular sobre a forma de retirar todos os líquidos e de desmontaxe.

3.º O desenvolvemento e optimización das formas de reutilizar, reciclar e valorar os vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes.

4.º Os avances logrados canto á valorización e á reciclaxe para reducir os residuos que hai que eliminar e canto ao aumento dos niveis de valorización e reciclaxe.

Esta información recollerase no material publicitario que se utilice na comercialización de vehículos.»

Tres. O número 2 do artigo 10 queda redactado do seguinte xeito:

«2. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Medio Ambiente copia dos informes a que se refire o punto anterior. Cada tres anos, baseándose na información antes mencionada, o Ministerio de Medio Ambiente remitiralle á Comisión Europea un informe sobre a aplicación deste real decreto. O informe elaborase conforme o cuestionario establecido na Decisión 2001/753/CE da Comisión, do 17 de outubro de 2001, sobre un cuestionario para os informes dos Estados membros acerca da aplicación da Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos vehículos ao final da súa vida útil.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.ª da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Autorización de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para modificar os tipos de industrias e instalacións incluídas en cada unha das categorías do anexo I, para adaptalos ás modificacións que, se for o caso, sexan introducidas na normativa comunitaria ou internacional.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 20 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
CRISTINA NARBONA RUIZ

## REGULAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO, DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto ditar as normas necesarias para o desenvolvemento, a aplicación e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Con carácter enunciativo considéranse incluídas dentro das diferentes categorías do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e, polo tanto, no ámbito de aplicación da citada norma, as diferentes instalacións e actividades que se enumeran no anexo I.

### CAPÍTULO II

#### Procedemento de tramitación da autorización ambiental integrada

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS COMÚNS

##### Artigo 3. *Alcance da autorización ambiental integrada.*

1. A autorización ambiental integrada estará referida a todos os elementos e liñas de produción da actividade que estean englobados no concepto de «instalación» definido no artigo 3.c) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, incluídos os relativos a actividades industriais que, aínda sen estar enumeradas no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, se desenvolvan no lugar de localización da instalación cuxa actividade motivou a súa inclusión no ámbito de aplicación desta lei e garden unha relación de índole técnica coa dita actividade, sempre que poidan ter repercusións sobre as emisións e a contaminación que se vaian ocasionar.

Se de conformidade co establecido no parágrafo anterior na instalación se desenvolvesen varias actividades industriais que sexan dun mesmo titular, na autorización ambiental integrada poderanse establecer valores límite de emisión globais para cada un dos contaminantes xerados.

##### Artigo 4. *Contido da solicitude de autorización ambiental integrada e comprobacións previas ao inicio da actividade.*

1. Para efectos do establecido no artigo 12 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, na solicitude da autorización ambiental integrada deberá figurar a identidade do titular da instalación, así como a documentación técnica necesaria para poder determinar as medidas previstas no seu artigo 22.1 f), relativas ás condicións de explotación en situacións diferentes das normais que poden afectar o ambiente.

Sempre que a súa actividade implique a realización de verteduras, os titulares das instalacións deberán presentar información específica sobre as verteduras, emisións e perdas de substancias consideradas como prioritarias no ámbito do texto refundido da Lei de augas, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Deberanse declarar de forma explícita os procesos en que interveñan substancias, preparados ou artigos enumerados nos anexos XIV e XVII do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e

á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE e se derrogan o Regulamento (CEE) n.º 793/93 do Consello e o Regulamento (CE) n.º 1488/94 da Comisión, así como a Directiva 76/769/CEE do Consello e as directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión, así como as substancias para as que non exista unha resolución firme pero exista evidencia científica suficiente de que poderían cumprir os criterios do anexo XIII do citado regulamento.

2. Unha vez outorgada a autorización ambiental integrada, as instalacións novas ou con modificación substancial non poderán iniciar a súa actividade produtiva ata que se comprobe o cumprimento das condicións fixadas na autorización ambiental integrada. Esta comprobación poderaa realizar ben a autoridade competente da comunidade autónoma, ou ben, de ser o caso, a través de entidades certificadas colaboradoras daquela, no prazo dun mes desde a solicitude de inicio de actividade realizada polo titular. Logo deste prazo sen o outorgamento expreso de tal conformidade, entenderase outorgada.

Nos supostos en que a actividade precise, de acordo coa lexislación de augas, autorización de vertedura ao dominio público hidráulico de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado, a comprobación das características da vertedura e as medidas correctoras que se vaian adoptar poderán ser realizadas polo organismo de bacía ou certificadas por unha entidade colaboradora da Administración hidráulica conforme o artigo 101.3 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

3. No caso de instalacións existentes, os titulares da instalación deberanlle notificar á autoridade competente os riscos potenciais para a saúde e o ambiente das substancias que se utilicen ou produzan na instalación, identificados durante o proceso de rexistro e avaliación previsto no Regulamento CE n.º 1907/2006. Se para algunha das substancias utilizadas ou producidas se conclúe que se require unha autorización expresa, de conformidade co título VII do citado regulamento, os titulares estarán obrigados a declararlles ás autoridades competentes os procesos en que interveñen a substancia e as medidas específicas de control. Se for necesario, realizarase unha nova avaliación adecuando a autorización ambiental integrada.

##### Artigo 5. *Informe urbanístico.*

O informe urbanístico regulado no artigo 15 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, é independente da licenza de obras ou de calquera outra licenza ou autorización exixible. Porén as cuestións sobre as que se pronuncie ese informe vincularán o ente local no outorgamento das licenzas ou autorizacións que sexan exixibles.

##### Artigo 6. *Garantías do solicitante no trámite de información pública.*

O solicitante da autorización ambiental integrada terá, en todo caso, coñecemento das alegacións recibidas no trámite de información pública e poderá manifestar, no prazo que se estableza, canto considere oportuno ao respecto.

##### Artigo 7. *Renovación da autorización ambiental integrada.*

1. Para efectos do establecido no artigo 25.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, na solicitude de renovación da autorización ambiental integrada deberá achegar, cando menos, a documentación relativa aos feitos, ás situacións e demais circunstancias e características técnicas da instalación, do proceso produtivo e do lugar do localización,

que non lle fose xa presentada á autoridade competente con motivo da solicitude de autorización orixinal ou durante o período da súa validez.

En todo caso, no procedemento de renovación incluíranse, polo menos, os trámites de información pública, informes do concello e do organismo de bacía e audiencia, recollidos no capítulo II do título III da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

2. A renovación da autorización ambiental integrada non afectará as autorizacións e licenzas non incluídas nela, cuxa vixencia, revisión ou renovación se realizará, de ser o caso, de conformidade co establecido na normativa sectorial que resulte de aplicación.

#### Artigo 8. *Autorización ambiental integrada e sistemas de xestión ambiental.*

En relación con aquelas actividades para as cales se apliquen sistemas de xestión ambiental certificados externamente mediante EMAS ou ISO 14001, as comunidades autónomas poderán establecer as normas que simplifiquen os mecanismos de comprobación do cumprimento das obrigas derivadas da autorización ambiental integrada, así como a tramitación da correspondente solicitude de autorización ou de adaptación e das súas sucesivas renovacións.

#### Artigo 9. *Comunicación da autorización ambiental integrada ao organismo de bacía.*

O órgano competente remitiralle ao organismo de bacía unha copia completa da resolución da autorización ambiental integrada, sempre que esta implique a realización de verteduras, coa finalidade de cooperar no correcto mantemento e actualización do Censo Nacional de Verteduras, de acordo co establecido no artigo 254.3 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> PROCEDIMENTO PARA A EMISIÓN DO INFORME VINCULANTE DO ORGANISMO DE BACÍA

#### Artigo 10. *Elaboración do informe do organismo de bacía.*

1. De conformidade co establecido no segundo parágrafo do artigo 12.1.c) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, cando o funcionamento da instalación implique a realización de verteduras ás augas continentais en bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado, o órgano competente que recíbise a solicitude de autorización ambiental integrada, no prazo de dez días remitiralle ao organismo de bacía a documentación referente ás verteduras establecida na Orde MAM/1873/2004, do 2 de xuño, pola que se aproban os modelos oficiais para a declaración de vertedura e se desenvolven determinados aspectos relativos á autorización de vertedura e liquidación do canon de control de verteduras regulados no Real decreto 606/2003, do 23 de maio, de reforma do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, para que manifeste se a considera suficiente ou, en caso contrario, indique as faltas que é preciso emendar, co obxecto de que lles sexan requiridos ao solicitante polo órgano competente da comunidade autónoma. Se o organismo de bacía non manifesta o seu parecer no prazo de dez días, entenderase que considera suficiente a documentación presentada polo solicitante.

2. Unha vez recibido o parecer do organismo de bacía, ou transcorrido o prazo sinalado no punto anterior sen emitirse, a autoridade competente para outorgar a

autorización ambiental integrada someterá o expediente completo da solicitude á información pública.

O anuncio expresará as características fundamentais da solicitude, no referente á vertedura e, de ser o caso, a petición de declaración de utilidade pública ou de imposición de servidume.

3. Finalizado o trámite de información pública, a autoridade competente remitiralle unha copia completa do expediente de solicitude ao organismo de bacía, xunto coas alegacións e observacións recibidas, para que emita o informe preceptivo e vinculante regulado no artigo 19 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

A elaboración deste informe levarase a cabo tendo en conta as actuacións previstas no capítulo II do título III do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

4. En caso de que a instalación alegue vertedura cero, non será necesario tal informe.

5. O informe do organismo de bacía regulado neste artigo conterá, cando menos, os extremos exixidos para as autorizacións de vertedura nos artigos 251 e 259 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, sen prexuízo do resto de medidas relativas ao contido da autorización ambiental integrada, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> INSTALACIÓNS QUE REQUIREN AUTORIZACIÓNS SUBSTANTIVAS DE COMPETENCIA ESTATAL. INTEGRACIÓN DOS TRÁMITES DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

#### Artigo 11. *Iniciación do procedemento.*

No suposto de industrias ou instalacións industriais que requiran algunha das autorizacións substantivas enunciadas no artigo 3.b) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, cando o outorgamento destas autorizacións lle corresponda á Administración xeral do Estado, o promotor remitiralle ao órgano competente para outorgar a autorización substantiva e ao Ministerio de Medio Ambiente, órgano ambiental competente para a resolución da declaración de impacto ambiental, a memoria-resumo regulada no artigo 13 do Regulamento para a execución do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, aprobado polo Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro.

#### Artigo 12. *Solicitude da autorización ambiental integrada.*

1. Unha vez elaborado o estudo de impacto ambiental, o promotor remitirállelo ao Ministerio de Medio Ambiente e ao órgano competente para outorgar a autorización substantiva, neste último caso xunto coa solicitude formal da mencionada autorización, que irá acompañada da documentación e demais requisitos exixidos na lexislación sectorial que resulte de aplicación.

Do mesmo xeito, simultaneamente ás actuacións sinaladas no parágrafo anterior, o promotor solicitaralle á comunidade autónoma correspondente a autorización ambiental integrada.

2. No prazo máximo de dez días desde a recepción do estudo de impacto ambiental, o órgano competente para outorgar a autorización substantiva remitiralle unha copia completa de toda a documentación que integra a solicitude de autorización substantiva, xunto co estudo de impacto ambiental, ao órgano da comunidade autónoma competente para outorgar a autorización ambiental integrada, co obxecto de que este último proceda a realizar o trámite conxunto de información pública, previsto no artigo 16.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e no artigo 7 deste regulamento, durante un período non inferior a trinta días.

3. Finalizado o trámite de información pública, a comunidade autónoma remitiralle as alegacións recibidas ao órgano estatal competente para outorgar a autorización substantiva e ao Ministerio de Medio Ambiente, neste último caso, ademais, xunto co requirido no artigo 5.3 do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño.

*Artigo 13. Formulación da declaración de impacto ambiental.*

1. Tras a realización das actuacións reguladas nos artigos anteriores, cada unha das administracións e órganos citados continuarán os trámites establecidos, para cada un dos casos, na lexislación que resulte de aplicación en materia de avaliación de impacto ambiental, autorización ambiental integrada e autorización substantiva.

2. Previamente á formulación da resolución de declaración de impacto ambiental, o Ministerio de Medio Ambiente remitiralle a proposta de tal resolución á autoridade competente da comunidade autónoma correspondente para a concesión da autorización ambiental integrada, para o seu coñecemento e a súa consideración.

No suposto de graves discrepancias sobre o contido da proposta de declaración de impacto ambiental, en relación coa autorización ambiental integrada, a autoridade competente da comunidade autónoma comunicarllo por escrito motivadamente ao Ministerio de Medio Ambiente no prazo de quince días.

No caso de que o Ministerio de Medio Ambiente non estea de acordo co escrito motivado, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental constituirá un grupo de traballo con representantes da comunidade autónoma afectada para resolver de común acordo e no prazo máximo de trinta días os extremos obxecto de discrepancia.

En caso de persistir as discrepancias, o Ministerio de Medio Ambiente formulará a resolución de declaración de impacto ambiental tomando en consideración o parecer da comunidade autónoma.

3. Unha vez formulada a resolución de declaración de impacto ambiental, no prazo máximo de dez días, o Ministerio de Medio Ambiente remitiralles unha copia aos órganos competentes para outorgar a autorización substantiva e a autorización ambiental integrada.

*Disposición adicional primeira. Réxime aplicable ás instalacións gandeiras incluídas na categoría 9.3 do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.*

1. Para este tipo de instalacións establécese un procedemento simplificado de solicitude. Os datos para incluír no proxecto básico que acompañará a solicitude de autorización ambiental integrada serán, como mínimo, os que aparecen no anexo II.

2. Debido ás características especiais destas instalacións, e conforme o disposto no artigo 7.4 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, para cumprir os valores límite de emisión de contaminantes poderase requirir a aplicación de medi-

das técnicas, como por exemplo que a instalación conte cunha ou varias das técnicas consideradas MTD, que estarán baseadas nos documentos de MTD elaborados pola Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas, ou por outros organismos de referencia da Unión Europea.

*Disposición adicional segunda. Fixación de valores límite de emisión das instalacións existentes incluídas no Plan Nacional de Redución de Emisións.*

Os valores límite de emisión das instalacións existentes incluídas no Plan Nacional de Redución de Emisións, elaborado segundo o establecido no Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo, poderanse fixar para cada contaminante, de acordo cos compromisos globais de emisións establecidos no plan e sempre que iso non supoña menoscabo na saúde das persoas ou no ambiente.

*Disposición transitoria única. Réxime aplicable ás instalacións existentes.*

1. No procedemento de adaptación de instalacións existentes serán exixibles os trámites de información pública e os informes preceptivos do concello e, de ser o caso, do organismo de bacía recollidos no título III da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

2. Para efectos da elaboración do informe urbanístico, cando se trate de instalacións existentes con anterioridade á aprobación das normas de planificación vixentes no momento de solicitar o mencionado informe, a compatibilidade da localización das instalacións coa planificación urbanística determinarase de conformidade coas regras establecidas para o efecto nos instrumentos de planificación para este tipo de instalacións, en particular no relativo ao réxime de edificios fóra de ordenación.

3. Nos procedementos de adaptación das instalacións existentes á Lei 16/2002, do 1 de xullo, poderase substituír a documentación enumerada no seu artigo 12 por unha copia das autorizacións sectoriais outorgadas á instalación, na medida en que cubran as exixencias establecidas no mencionado artigo.

Así mesmo, no que á avaliación de impacto ambiental das instalacións existentes se refire, esta só se realizará naqueles casos que estableza a normativa na materia.

4. O réxime de adaptación á Lei 16/2002, do 1 de xullo, das instalacións existentes non afectará as autorizacións e licenzas non incluídas na autorización ambiental integrada, cuxa vixencia, revisión ou renovación se realizará, se for o caso, de conformidade co establecido na normativa sectorial que resulte de aplicación.

## ANEXO I

## Categorías de actividades industriais incluídas no anexo 1 da Lei 16/2002

Descríbense neste punto as instalacións ou complexos e actividades industriais englobadas dentro de cada unha das categorías do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIONES INCLUIDAS
1.1	Instalacións de combustión cunha potencia térmica de combustión superior a 50 MW	<p>Instalacións dedicadas á produción de enerxía térmica mediante a combustión de calquera tipo de combustible fósil e os diferentes tipos de biomasa, así como mediante a coíncineración de residuos. A enerxía térmica obtida pode ser utilizada directamente en forma de calor ou transformada noutras formas útiles de enerxía (mecánica, eléctrica,...) mediante ciclos térmicos determinados.</p> <p>Dentro desta categoría atópanse, entre outras, as seguintes instalacións, de alcanzaren o límite de potencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- caldeiras industriais para produción de vapor usado como medio de calefacción noutros procesos ou servizos</li> <li>- caldeiras industriais para produción combinada de enerxía térmica (vapor) e electricidade (coxeración de enerxía eléctrica)</li> <li>- motores de combustión interna para produción de vapor e electricidade recuperando a calor de refrixeración e os gases de escape (coxeración)</li> <li>- centrais térmicas convencionais, de carbón ou de fuel, que producen a enerxía eléctrica exclusivamente a través de ciclos térmicos de vapor de alta presión</li> <li>- centrais de combustión de gas en turbinas, para a xeración de enerxía eléctrica</li> <li>- centrais de combustión de gas con ciclos térmicos combinados (combustión en turbinas de gas e recuperación en caldeiras de vapor con turbinas de vapor)</li> <li>- turbinas de gas en instalacións industriais</li> </ul>
1.2	Refinarías de petróleo e gas.	Instalacións para a refinación de cru de petróleo, orientadas a obter distintos tipos de produtos, desde gases ata produtos líquidos e sólidos utilizados como combustibles, carburantes ou como materias primas.
1.3	Coquerías.	Instalacións dedicadas á preparación de coque metalúrxico a partir de carbón, como material necesario para a produción de produtos básicos de ferro fundido, aceiro, ferroalixaxes en fornos altos.
1.4	Instalacións de gasificación e licuefacción de carbón.	Instalacións dedicadas á produción de gases combustibles por combustión parcial a partir de carbón. O gas producido pode ser posteriormente tratado para a súa utilización como materia prima en procesos químicos ou dedicado á valorización enerxética por combustión en caldeiras ou en turbinas ou motores térmicos. <p>Dentro deste grupo inclúense instalacións tales como destilación de carbón, con obtención de produtos líquidos condensados.</p>
2.1	Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos, incluído o mineral sulfuroso.	Instalacións para a primeira transformación de minerais metálicos, así como calquera outra que dispoña de equipamentos para a preparación de material por medio de calcinación, sinterización, tostación ou sublimación.

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓN INCLUIDAS
2.2	Instalacións para a produción de fundición ou de aceiros brutos (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.	Industria siderúrxica ou de produción de aliaxes de ferro mediante fusión primaria ou secundaria, como por exemplo: - obtención de gusa en fornos altos - obtención de aceiro en convertedores - aproveitamento e eliminación de escouras - transformación directa de chataira en aceiro en fornos eléctricos
2.3	Instalacións para a transformación de metais ferrosos seguindo algúns dos procesos seguintes:	
a)	Laminado en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.	Instalacións para a produción, fabricación ou transformación de metais ferrosos e aliaxes por laminación en quente, para a obtención de produtos semielaborados ou elaborados.
b)	Forxado con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 quilojoules por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.	Instalacións para a produción de pezas forxadas. Considerarase a potencia térmica utilizada como a suma da potencia térmica instalada en todos os fornos.
c)	Aplicación de capas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.	Industrias ou instalacións de galvanizado e aqueloutras en que se produce o recubrimento de aceiro, con capas doutro metal fundido, para mellorar as súas características, fundamentalmente fronte á corrosión.
2.4	Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.	Fundicións de ferro, de aceiros e doutros metais ferrosos, para a fabricación de pezas, obxectos ou accesorios.
2.5	Instalacións:	
a)	Para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procedementos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.	Instalacións para a produción e primeira transformación de metais non ferrosos (aluminio, cobre, chumbo, zinc, níquel, cromo, manganeso, metais preciosos ou doutros metais) a partir de minerais ou concentrados de minerais, como os obtidos nos procesos que utilizan materias primas secundarias.
b)	Para a fusión de metais non ferrosos, incluída a aliaxe, os produtos de recuperación (refinación, moldeado en fundición) cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para todos os demais metais, por día.	Instalacións destinadas á obtención de produtos acabados ou semiacabados a base de metais ou aliaxes (incluso a formación destas), mediante procesos en quente.

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
2.6	Instalacións para o tratamento de superficie de metais e materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas sexa superior a 30 m <sup>3</sup> .	Industria ou instalacións produtoras, transformadoras ou fabricantes de calquera tipo de obxecto metálico ou plástico que realicen algún ou varios destes tipos de tratamentos. Para o cálculo da capacidade das cubetas considerarase a suma dos volumes de todas as da instalación, excepto as cubetas de lavado.
3.1	Instalacións de:	
	Fabricación de cemento e/ou clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.	Instalacións dedicadas á produción de clínker ou de cemento, incluíndo as plantas de moenda de clínker para produción de cemento cando aquela non forme parte integral da instalación. En ambos os casos, a capacidade limiar debe ser referida a clínker producido ou transformado, non á capacidade de produción de cemento. Instalacións de fabricación de cal. De acordo co Regulamento E-PRTR: 3.c.i) refírese á fabricación de cemento ou clínker en fornos rotatorios 3.c.ii) refírese á fabricación de cal en fornos rotatorios 3.c.iii) refírese á fabricación de cemento, clínker ou cal en fornos doutro tipo.
3.3	Instalacións para a fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Instalacións para a fabricación de vidro oco (botellas, tarros, frascos), vidro plano, vidro doméstico, vidro decorativo, tubo de vidro, fibra de vidro (filamento continuo de vidro para reforzo) fritas, vidros para uso técnico, illadores, vidros para iluminación e sinalización e calquera outro tipo de vidro.
3.4	Instalacións para a fundición de materiais minerais, incluída a fabricación de fibras minerais cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.	Instalacións para a fabricación de calquera tipo de fibras a partir de materias primas minerais. Instalacións para a fabricación de materiais minerais illadores como as las de rocha, de escouras e doutros minerais. Tamén se deben incluír as instalacións destinadas á fabricación de las de vidro.
3.5	Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enforado, en particular tellas, tixolos refractarios, azulexos ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día e/ou unha capacidade de enforado de máis de 4 m <sup>3</sup> e de máis de 300 kg/m <sup>3</sup> de densidade de carga por forno.	Todas as instalacións manufactureiras de produtos cerámicos mediante enforado, tales como materiais refractarios, azulexos e baldosas, tixolos, tellas e outros produtos de terras cocidas, aparellos sanitarios cerámicos, artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental, porcelanas, artigos cerámicos de uso técnico, illadores e pezas illadoras cerámicas, arxilas calcinadas, así como aquelas que fabriquen calquera outro tipo de peza cerámica. As instalacións afectadas terán: - unha capacidade superior a 75 toneladas/día ou - unha capacidade de enforado superior a 4 m <sup>3</sup> cunha densidade de carga por forno superior a 300 kg/m <sup>3</sup>

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIONES INCLUIDAS
4.1	Instalacións químicas para a fabricación a escala industrial mediante transformación química de produtos químicos orgánicos de base, en particular:	
a)	Hidrocarburos simples (lineais ou cíclicos, saturados o insaturados, alifáticos ou aromáticos).	
b)	Hidrocarburos oxixenados, tales como alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres, acetatos, éteres, peróxidos, resinas, epóxidos.	Instalacións químicas e de calquera outro sector de actividade con instalacións para a fabricación, mediante transformación química, de produtos orgánicos de base, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
c)	Hidrocarburos sulfurados.	
d)	Hidrocarburos nitroxenados, en particular aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nitratos, nitrilos, cianatos e isocianatos.	
e)	Hidrocarburos fosforados.	
f)	Hidrocarburos haloxenados.	
g)	Compostos orgánicos metálicos.	
h)	Materias plásticas de base (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa).	Instalacións químicas e de calquera outro sector de actividade dedicadas á produción de produtos polímeros, fibras sintéticas e fibras a base de celulosa, calquera que sexa a materia prima de partida e o proceso seguido.
i)	Cauchos sintéticos.	Industrias ou instalacións que fabriquen ou produzan caucho sintético en forma primaria.
j)	Colorantes e pigmentos.	Instalacións dedicadas á produción de colorantes e pigmentos orgánicos, calquera que sexa a materia prima de partida e a súa forma final.
k)	Tensioactivos e axentes de superficie.	Instalacións químicas e de calquera outro sector de actividade dedicadas á produción destes produtos, calquera que sexa a materia prima de partida e independentemente da súa capacidade de produción.
4.2	Instalacións químicas para a fabricación, a escala industrial mediante transformación química, de produtos químicos inorgánicos de base como:	
a)	Gases e, en particular, o amoniaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o flúor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos de xofre, os óxidos do nítróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIONES INCLUIDAS
b)	Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
c)	Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, incluíndo colorantes e pigmentos inorgánicos que impliquen transformación química calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
d)	Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxénico.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
e)	Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carburo de calcio, o silicio, o carburo de silicio.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
4.3	Instalacións químicas para a fabricación de fertilizantes simples ou compostos, a base de fósforo, nitróxeno ou potasio.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
4.4	Instalacións químicas para a fabricación de produtos de base fitosanitarios e de biocidas.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
4.5	Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos de base.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
4.6	Instalacións químicas para a fabricación de explosivos.	Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química, calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido e a capacidade de produción.
5.1	Instalacións para a valorización de residuos perigosos, incluída a xestión de aceites usados, ou para a eliminación destes residuos en lugares distintos dos vertedoiros, dunha capacidade de máis de 10 toneladas por día.	Instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e que realicen, entre outras, algunha das seguintes actividades de valorización ou eliminación de residuos perigosos, enumeradas nas categorías B e A do anexo da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía</li> <li>- recuperación ou rexeneración de disolventes (R2)</li> <li>- recuperación ou reciclaxe de materiais inorgánicos diferentes dos metálicos (R5)</li> <li>- rexeneración de ácidos ou bases (R6)</li> <li>- recuperación de compoñentes utilizados para reducir a contaminación (R7)</li> <li>- recuperación de compoñentes procedentes de catalizadores (R8)</li> <li>- rexeneración ou outro novo emprego de aceites, como por exemplo lubricantes (R9)</li> <li>- tratamentos biolóxicos previos a outros procesos de eliminación (D8)</li> <li>- tratamentos físicoquímicos previos a outros procesos de eliminación (D9)</li> <li>- incineración de residuos perigosos sen recuperación enerxética (D10)</li> </ul>

Categoría Lei 16/2002	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	
5.2		Instalacións para a incineración dos residuos municipais, dunha capacidade de máis de 3 toneladas por hora.	Instalacións de incineración de residuos urbanos, calquera que sexa a forma de recollida, teñan ou non recuperación enerxética, de conformidade co establecido no Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos, dentro dos límites especificados.
5.3		Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos, en lugares distintos dos vertedoiros, cunha capacidade de máis de 50 toneladas por día.	<p>Instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e que realicen algunha das seguintes actividades de eliminación de residuos non perigosos, de acordo coa categoría A do anexo 1 da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- tratamentos biolóxicos previos a outros procesos de eliminación (D8)</li> <li>- tratamentos fisicoquímicos previos a outros procesos de eliminación (D9)</li> <li>- incineración de residuos non perigosos sen recuperación enerxética (D10), non incluída na categoría 5.2</li> <li>- almacenamento previo a calquera das operacións de eliminación de residuos non perigosos, con exclusión do almacenamento temporal previo á recollida no lugar de produción (D15)</li> </ul>
5.4		Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes.	Vertedoiros de residuos perigosos e de residuos non perigosos, incluídos, neste último caso, aqueles en que se depositen residuos urbanos ou municipais, tal como se definen no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
6.1			
a)		Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.	Instalacións que produzan pasta de papel de calquera tipo (branqueada, semibranqueada ou crúa) mediante procedementos mecánicos ou químicos, a partir de materias primas naturais como madeira e outras fibras naturais ou a partir de fibras recuperadas.
b)		Papel e cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.	<p>Instalacións destinadas á produción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- calquera tipo de papel a partir de pasta de papel de calquera dos tipos sinalados no punto anterior coa posible presenza doutros aditivos</li> <li>- calquera tipo de cartón a partir de pasta de papel e outros aditivos, destinado a usos industriais tales como a envases e embalaxes, etc.</li> </ul>
6.2		Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.	As instalacións a que se refire esta categoría poden estar ou non integradas en fábricas de pasta de papel.
7.1		Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueamento, mercerización) ou para a tinguidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.	Instalacións destinadas á produción de celulosa a partir de madeira ou fibras vexetais.
8.1		Instalacións para o curtido de coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.	Instalacións para a preparación e pretratamento de fibras naturais e sintéticas, así como produtos téxtiles ou aquelas para a tinguidura e tratamentos de acabado.
			Instalacións dedicadas á transformación de pel bruta de animais en coiro.

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
9.1		
a)	Matadoiros cunha capacidade de produción dunha capacidade superior a 50 toneladas/día.	Industrias cármicas para o sacrificio, con destino ao consumo humano, de animais das especies bovina, equina, porcina, ovina, caprina, avícola e cunícola, incluídas as industrias destinadas á conservación e á fabricación de produtos cármicos que dispoñan de instalacións destinadas ao sacrificio animal das anteriores especies, sexa ou non esta a súa actividade principal.
b)	Tratamento e transformación destinados á fabricación de produtos alimenticios a partir de:	Instalacións destinadas á produción de alimentos para persoas ou animais a partir de materias. Entre outras, atópanse as actividades destinadas:
b.1)-	Materia prima animal (que non sexa o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- á elaboración e preparación de produtos cármicos e de peixe conxelado ou refrixerado</li> <li>- á fabricación de conservas de produtos cármicos e de peixe</li> <li>- á elaboración de conservas preservados e curados</li> <li>- á preparación de alimentos precociñados, deshidratados, reconstituídos ou en po a base de materia prima animal (carne, peixe, ovos)</li> <li>- á preparación de alimentos cociñados e listos para comer, de orixe animal</li> <li>- á fabricación de graxas e aceites comestibles de orixe animal destinadas á alimentación humana</li> <li>- á fabricación de pensos para animais cando o compoñente maioritario é de orixe animal</li> </ul> Instalacións destinadas á produción de alimentos para persoas ou animais a partir de materias de orixe mixta cando o compoñente de orixe animal é superior ao 25%.
b.2)-	Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 300 toneladas/día (valor medio trimestral)	Instalacións destinadas á produción de alimentos para persoas e animais a partir de materiais de orixe vexetal, sexan frescos, conxelados, conservados, precociñados, deshidratados ou completamente elaborados. Dentro destas instalacións atópanse, entre outras, as dedicadas ás actividades de: <ul style="list-style-type: none"> <li>- produción de zumes, marmeladas e conservas a partir de froitas e verduras</li> <li>- produción de alimentos precociñados, cuxos compoñentes principais sexan de orixe vexetal (verduras ou legumes)</li> <li>- produción de aceites de froitos ou de sementes, incluídas as actividades de extracción a partir de bagazos e as refinacións dos distintos tipos de aceites, exclusivamente destinados á alimentación humana ou animal</li> <li>- produción de fariñas para fabricación de alimentos ou de pensos para animais, con separación dos diferentes compoñentes dos grans moídos (casca, fariña, glute, etc.) e preparación de alimentos especiais a partir das fariñas, así como a produción de diferentes tipos de arroces para alimentación humana</li> <li>- produción de pan e outros produtos de dozaría ou semielaborados a partir de fariñas de distintos cereais</li> <li>- produción de materias primas para fermentacións (amións)</li> <li>- produción de malte e cervexa</li> <li>- elaboración de mostos e viños de uva e sidras</li> <li>- fermentación e destilacións para alcoholis para produción de bebidas destiladas de alta graduación</li> <li>- produción e refinación de azucre a partir de remolacha ou de caña, incluíndo o aproveitamento de melazas para destilación</li> <li>- produción de bebidas non alcohólicas (zumes de froitas e bebidas refrescantes baseadas en auga)</li> <li>- produción de derivados de cacao</li> <li>- elaboración de derivados de café (tostación, produción de café soluble ou de café descafeinado)</li> </ul> produción de alimentos para animais baseados, fundamentalmente, en materias primas vexetais Enténdese por valor medio trimestral, tendo en conta os días de produción efectiva, o período de 90 días consecutivos de máxima produción

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓN INCLUIDAS
c)	Tratamento e transformación do leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).	Instalacións para a fabricación de produtos lácteos e os seus derivados (leite, leite evaporado ou en po, queixos, soros, caseína, requeixo, manteiga, xeados, iogur, leite callado, nata, bebidas a partir de leite e outros produtos, produción de derivados lácteos para fabricación de alimentos para animais, etc.).
9.2	Instalacións para a eliminación ou o aproveitamento de canais ou refugallo de animais cunha capacidade de tratamento superior a 10 toneladas/día.	Industrias para a eliminación directa ou para a transformación de subprodutos animais non destinados a consumo humano en materiais transformados válidos para alimentación animal, para diferentes usos técnicos ou para ser destinados á súa eliminación, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e no resto da lexislación que resulte de aplicación en cada caso.
9.3	Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de	
a)	40.000 prazas de se tratar de galiñas poñedoras ou do número equivalente para outras orientacións produtivas de aves.	Instalacións gandeiras dedicadas á cría e á engorda, en explotacións intensivas, de todo tipo de aves, tanto para a produción de carne como para a produción de ovos ou para reprodución. As unidades gandeiras equivalentes para outro tipo de aves distintas das galiñas poñedoras serán as seguintes: - 85.000 polos de engorda - 40.000 pavos de engorda.
b)	- 2.000 prazas para porcos de ceba de máis de 30 kg - 2.500 prazas para porcos de ceba de máis de 20 kg	Instalacións gandeiras dedicadas á cría e á engorda de porcos en explotacións intensivas.
c)	-750 prazas para porcas reprodutoras -530 prazas para porcas en ciclo pechado -530 porcas en ciclo pechado equivalen ás 750 reprodutoras.	
d)	No caso de explotacións mixtas, en que coexistan animais das alíneas b) e c) desta categoría 9.3, o número de animais para determinar a inclusión da instalación neste anexo determinarase de acordo coas equivalencias en unidade gandeira maior (UGM) dos distintos tipos de gando porcino, recollidas no anexo I do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.	

Categoría Lei 16/2002	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
10.1	Instalacións para tratamento de superficie de materiais, de obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, pegalos, lacialos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo de máis de 150 kg de disolvente por hora ou máis de 200 toneladas/ano.	<p>Instalacións en que se leve a cabo o tratamento de superficies utilizando disolventes orgánicos ben nas distintas fases de fabricación (pegado, lacado, etc), ben para limpeza de superficies (desengraxado) ou ben para conseguir a dispersión homoxénea de substancias sobre elas, coa finalidade de pintalas ou darlles un acabado superficial. Estas actividades teñen en común a evaporación do disolvente á atmosfera (con ou sen recuperación posterior) que é unha das causas directas das emisións á atmosfera de compostos orgánicos volátiles.</p> <p>Como actividades máis importantes están, entre outras:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Instalacións para a aplicación sobre diversas superficies de pintura, adhesivos ou recubrimentos, en industrias como as de automoción, vehículos e outros tipos de maquinaria e equipamento mecánico ou eléctrico.</li> <li>- Instalacións para a aplicación de disolventes para lavado ou limpeza de superficies.</li> <li>- Industria gráfica.</li> <li>- Industria da madeira, incluída a fabricación de taboleiros.</li> <li>- Industria de transformación de caucho natural ou sintético.</li> </ul>
11.1	Instalacións para fabricación de carbono sinterizado ou electrografito por combustión ou grafitación.	Entre estas instalacións están as de fabricación de electrodos de grafito para a súa utilización en fornos eléctricos ou fabricación de fibra de carbono para construcións especiais etc.

## ANEXO II

### **Procedemento simplificado. Datos para incluír no proxecto básico de instalacións gandeiras incluídas na categoría 9.3 do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación**

Os datos que hai que incluír no proxecto básico que acompañará a solicitude de autorización ambiental integrada serán, como mínimo, os seguintes:

#### A. Información gráfica:

a. Plano de situación, relativa á zona de influencia das instalacións con respecto:

- i. Aos núcleos urbanos.
- ii. A outras explotacións gandeiras e industrias cárnicas.
- iii. Á rede viaria.
- iv. Ás captacións de augas de consumo humano e augas superficiais.

b. Plano das edificacións e instalacións con identificación dos puntos onde se xeran emisións e, de ser o caso, dos sistemas previstos para reducilas ou controlalas.

B. Información descritiva, co apoio, de proceder, de información gráfica:

a. Das infraestruturas da explotación con detalle:

- i. Da superficie das instalacións e do predio onde se sitúan.
- ii. Dos accesos ás instalacións.
- iii. Do sistema de subministración de auga e enerxía e consumos anuais previstos.
- iv. Da infraestrutura ambiental.

1. Sistema de recollida/limpeza das dexeccións e augas residuais se procede.

2. Esterqueira e/ou balsas de xurro.

3. Sistemas de tratamento de esterco aplicados na explotación.

v. Infraestrutura sanitaria (cerramento, vao sanitario...)

vi. Instalacións auxiliares.

b. Da actividade proxectada:

i. Tipo de gando e capacidade de aloxamento, expresada en número de prazas para cada tipo de gando.

ii. Descrición detallada de todos os ciclos produtivos que se levan a cabo na explotación.

iii. Capacidade produtiva da instalación. Indicarase o número de unidades produtivas (animais) de acordo co sistema de explotación da instalación proposto.

iv. Sistema de explotación que comprenda, como mínimo, datos sobre:

1. Alimentación

2. Bebida

3. Ventilación

4. Calefacción

5. Se for o caso, equipamentos de xestión: poñedoras, incubadoras,...

C. Información sobre residuos e emisións:

a. Dexeccións (xurro, esterco, excrementos):

i. Plan de xestión das dexeccións gandeiras onde se especifique a súa descrición, a cantidade xerada, a aplicación, o tratamento, as características e a capacidade dos sistemas de almacenamento.

ii. Destino final. No caso de que o destino sexa o aproveitamento agrícola como fertilizante en terras de cultivo propias ou concertadas, débese acreditar a súa dispoñibilidade e a súa suficiencia mediante un programa de fertilizado.

No caso de que a totalidade ou parte do xurro e esterco producidos se entregue a un xestor para o seu tratamento e/ou aplicación, indícaranse o plan de entrega e a identificación do xestor.

b. Animais mortos:

i. Produción estimada anual.

ii. Sistema de xestión da explotación, acorde co Regulamento CE/1174/2002.

iii. Destino final.

c. Residuos especiais (zoosanitarios, fitosanitarios, medicamentos veterinarios, aditivos para alimentación animal):

i. Produción: tipo de residuos e volume ou peso de produción anual para cada un deles.

ii. Sistema de xestión e destino final.

d. Emisións á atmosfera, exceptuando as difusas:

i. Caracterización.

ii. Sistema de tratamento, con descrición das instalacións.

iii. Sistema de control.

e. Datos sobre emisións de ruído:

i. Medidas adoptadas para garantir o cumprimento do disposto no R.D. 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.

D. Adecuación á normativa sectorial:

a. Normativa de benestar animal nas explotacións:

i. Medidas adoptadas para darlle cumprimento ao disposto no R.D. 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos e, en especial, no referente ao deseño dos aloxamentos.